

Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE) de suspensión de contratos ou redución de xornada por calquera causa motivada polo COVID-19

para persoas traballadoras de cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais incluídas no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)¹

Actualizado o 28/03/2020 de acordo co Real Decreto-Lei 9/2020

PASO 1

Acordo do ERTE

- Acordo do ERTE por:
 - Cooperativas de traballo asociado: Asemblea Xeral.
 - Sociedades laborais: órgano de administración.
- O acordo deberá declarar a causa **por forza maior, por causa económica ou tecnolóxica**, a súa necesidade e o tempo de suspensión ou redución de xornada, designando nominalmente as persoas socias afectadas.
- Cando por falta de medios adecuados ou suficientes a asemblea xeral da cooperativa non poida ser convocada, o consello reitor asumirá a competencia para aprobar o ERTE ([Artigo 4 do Real Decreto-lei 9/2020](#)).

Requisitos prestación extraordinaria de cesamento de actividade

- Que a actividade da cooperativa fose suspendida polo decreto que declarou o estado de alarma. **No caso das empresas nas que a súa actividade non se suspendeu**, poderán optar a esta prestación se, no mes anterior á solicitude, a facturación baixou un 75% con respecto á media do semestre anterior.
- Estar de alta no réxime especial de traballadores autónomos na data da declaración do estado de alarma (14/03/2020).
- Estar ao corrente das cotas do RETA. Porén, se non fose así, a Seguridade Social dará un prazo de 30 días para ingresar as cotas debidas.

PASO 2

Solicitude da prestación extraordinaria de cesamento de actividade

- Cada persoa socia deberá presentar a solicitude ante a súa Mutua (MATEP).

PASO 3

Resolución Mutua

- Resolución sobre a concesión da prestación extraordinaria por cesamento de actividade.

1

Hai que ter en conta que se unha cooperativa de traballo asociado ten ademais persoal asalariado, deberá presentar dous procedementos:

- Persoas socias traballadoras: a través da Mutua.
- Persoas traballadoras non socias: seguirase o procedemento habitual, atendendo á razón do ERTE: [TR820A](#) e [TR820B](#) (causas ETOP) ou [TR820C](#) (forza maior).

No caso de sociedades laborais, se ademais ten persoas socias traballadoras incluídas no Réxime Xeral da Seguridade Social deberá presentar para estas o procedemento [TR802F](#).